

Venres, 7 de maio de 2021

Núm. 86

## **ADMINISTRACIÓN LOCAL**

### **PROVINCIAL**

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

#### **Outros documentos, notificacións e informacións públicas**

*EXTRACTOS DOS ACORDOS ADOPTADOS POLO PLENO DA DEPUTACIÓN EN SESIÓN ORDINARIA DO 30 DE ABRIL DE 2021*

*EXTRACTOS DE ACORDOS ADOPTADOS POLO PLENO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA EN SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 30 DE ABRIL DE 2021*

*Asisten: 27 (13 PSdeG-PSOE, 11 PP, 3 BNG).*

*Presidenta: Dona María del Carmen Silva Rego (PSdeG-PSOE).*

*Deputadas e Deputados: Don Gregorio Luís Agís Gómez (PSdeG-PSOE), Dona María Victoria Alonso Méndez (PSdeG-PSOE), Dona María Carmen Amoedo Dasilva (PP), Don Uxío Benítez Fernández (BNG), Don Jorge Cubela López (PP), Don Miguel Adolfo Domínguez Alfonso (PP), Dona María Elena Estévez Freire (PP), Dona Olga María García Ballesteros (PSdeG-PSOE), Dona Raquel Giráldez Armas (PSdeG-PSOE), Don Gorka Gómez Díaz (PSdeG-PSOE), Don Manuel González Martínez (PSdeG-PSOE), Dona Ana Laura Iglesias González (PSdeG-PSOE), Dona María Paz Lago Martínez (PP), Dona Iria Lamas Salgueiro (PSdeG-PSOE), Don José Carlos López Campos (PP), Don Carlos López Font (PSdeG-PSOE), Don Manuel Alejandro Lorenzo Alonso (PP), Don Ignacio Maril Pardo (PP), Don José Alfonso Marnotes González (PP), Dona Ana María Mejías Sacaluga (PSdeG-PSOE), Don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo (BNG), Dona María de los Remedios Ortega Iñarrea (BNG), Dona Noemí Outeda Prol (PSdeG-PSOE), Dona María José Pardo Pumar (PP), Don Santos Héctor Rodríguez Díaz (PSdeG-PSOE) e Don Javier Tourís Romero (PP).*

*Secretario: Don Carlos Cuadrado Romay.*

*Interventor: Don Antonio Graña Gómez.*

En relación coa orde do día adóptanse os seguintes acordos:

1.—Acórdase, por unanimidade, aprobar o borrador da acta da anterior sesión ordinaria do 26 de marzo de 2021.

#### *A) Parte resolutiva:*

2.—Acórdase, por unanimidade, aprobar a delegación de competencias do Concello de Tomiño na Deputación para desenvolver a facultade de liquidación previa á primeira matriculación do imposto sobre vehículos de tracción mecánica.



Venres, 7 de maio de 2021

Núm. 86

3.—Acórdase, por unanimidade, aprobar a delegación de competencias do Concello de Sanxenxo na Deputación para desenvolver a facultade de liquidación previa á primeira matriculación do imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

4.—Acórdase, por unanimidade, aprobar delegación dos Concellos de Baiona, Caldas de Reis, Cambados, Cangas, Cañiza (A), Catoira, Cuntis, Estrada (A), Forcarei, Gondomar, Illa de Arousa (A), Grove (O), Lalín, Meaño, Moaña, Mondariz, Mondariz-Balneario, Mos, Neves (As), Ponte Caldelas, Porriño (O), Rosal (O), Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Silleda, Soutomaior, Tomiño, Tui, Valga e Vilanova de Arousa das competencias propias da fase instrutora do procedemento sancionador nas multas de tráfico na Deputación.

5.—Acórdase, por unanimidade, a aprobación inicial do Regulamento de organización e funcionamento da Escola Infantil 0-3 anos Príncipe Felipe da Deputación.

6.—Acórdase, por unanimidade, a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos 1/2021 do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do Servicio contra incendios e salvamento.

7.—Acórdase, por unanimidade, aprobar o cambio de titularidade e posterior entrega ó Concello de Pazos de Borbén dun treito antigo da EP-2908 Arcade-Amoedo (p.q 11+660-11+740).

8.—Acórdase, por unanimidade, aprobar o cambio de titularidade e posterior entrega ó Concello de Meaño da EP-9304 Couto-Embarcadoiro e dun treito antigo da EP-9303 Meaño-Dena (p.q 0+680-0+750).

9.—Acórdase, por unanimidade, aprobar o cambio de titularidade e posterior entrega ó Concello de Cerdedo-Cotobade dun treito de 450 metros lineais da EP-0401 Carballedo-Caroi do p.q 0+000 ao p.q 0+450.

10.—Acórdase, por unanimidade, a aprobación do proxecto de mellora da seguraza viaria na EP-9306 Cobas-Padrenda (Meaño) e do expediente de expropiación.

11.—Acórdase, por maioría de votos a favor do PSdeG-PSOE e do BNG e cos votos en contra do PP, aprobar a moción do Grupo Provincial Socialista (PSdeG-PSOE) para solicitar da Xunta de Galicia un plan de dotacións e equipamentos públicos transparente e con bases obxectivas.

12.—Rexéitase, por maioría de votos en contra do PSdeG-PSOE e do BNG e cos votos a favor do PP, a moción do Grupo Provincial do Partido Popular (PP) para solicitar á Deputación un convenio de colaboración económica co Concello da Cañiza para mellorar a piscina climatizada.

13.—Rexéitase, por maioría de votos en contra do PSdeG-PSOE e do BNG e cos votos a favor do PP, a moción do Grupo Provincial do Partido Popular (PP) para solicitar un estudo alternativo para o Museo de Pontevedra.

14.—Rexéitase, por maioría de votos en contra do PSdeG-PSOE e do BNG e cos votos a favor do PP, a moción do Grupo Provincial do Partido Popular (PP) relativa ás estradas provinciais do camiño.

15.—Asuntos fóra da orde do día: Non houbo.



Venres, 7 de maio de 2021

Núm. 86

*B) Parte de información e control:*

16.—Queda enterado do informe de Intervención resumo do control financeiro de subvencións executado no ano 2020.

17.—Queda enterado do informe de Intervención resumo do control interno correspondente ao exercicio 2020.

18.—Queda enterado do informe e memorando definitivo correspondente coa auditoría de contas do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do Servizo contra incendios e salvamento do exercicio 2019.

19.—Queda enterado do informe e memorando definitivo correspondente coa auditoría de contas do Consorcio para o Servizo contra incendios e salvamento das Comarcas do Deza e Taberirós-Terra de Montes do exercicio 2019.

20.—Queda enterado do informe da auditoría do rexistro de facturas do exercicio 2019.

21.—Queda enterado do informe de Intervención do período medio de pago a provedores correspondente ó mes de marzo de 2021.

22.—Queda enterado do informe de Intervención relativo ó cumprimento durante o 1º trimestre do 2021 dos prazos de pago de obrigas en relación co disposto na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

23.—Queda enterado dos extractos de Resolucións Presidenciais rexistradas entre o 23 de marzo e o 26 de abril de 2021.

24.—Rogos e preguntas: Formuláronse varios por distintas/os deputadas/os.

(Documento asinado electrónicamente á marxe).

